

## RÉXIME ECONÓMICO DOS/AS DEPUTADOS/AS E GRUPOS PARLAMENTARIOS DO PARLAMENTO DE GALICIA

O réxime económico actual é o seguinte:

1. **ASIGNACIÓN FIXA:** 1.942,95 € mensuais

2. **INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS PARA O CUMPRIMENTO DA SÚA FUNCIÓN.** Artigo 10.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

• INDEMNIZACIÓNS ESTATUTARIAS POR FUNCIÓNS EN ÓRGANOS PARLAMENTARIOS (Incompatibles entre sí e de percepción mensual)

**a) Presidente/a**

- Complemento membro de Mesa:	1.464,88 €
- Gastos de representación:	1.765,21 €
- Gastos libre disposición:	906,45 €

**b) Vicepresidentes/as**

- Complemento membro de Mesa:	1.464,88 €
- Gastos de representación:	1.095,07 €
- Gastos libre disposición:	480,66 €

**c) Secretario/a e Vicesecretario/a**

- Complemento membro de Mesa:	1.464,88 €
- Gastos de representación:	1.095,07 €
- Gastos libre disposición:	480,66 €

**d) Portavoces grupos**

- Gastos de representación:	545,74 €
- Gastos libre disposición:	366,22 €

**e) Viceportavoces grupos e presidentes de comisión**

- Gastos de representación:	466,34 €
-----------------------------	----------

**f) Vicepresidentes/as de Comisión, Secretarios/as de Comisión**

- Gastos de representación:	280,91 €
-----------------------------	----------

**g) Restantes deputados/as con dedicación exclusiva**

- Gastos de representación: 280,91 €

• **AXUDAS DE CUSTO**

◆ Contía mensual fixa para afrontar os gastos de aloxamento e manutención que orixine a súa actividade parlamentaria: 2.587,39 €

◆ Tamén se aboarán as devengadas por desprazamentos que se realicen en misión oficial, nas seguintes contías:

Fora da Comunidade Autónoma e dentro do territorio do Estado español 53,34 €/día

No estranxeiro 91,35 €/día

• **LOCOMOCIÓN**

Cubriranse os gastos de transporte en medio público (avión, tren, automóbil ou barco) dos deputados.

Aboaranse directamente á empresa transportista ou reintegraráselle ao deputado os gastos realizados.

Os desprazamentos en vehículo propio aboaranse a razón de 0,19 €/Km.

En todo caso, aboaráselle a cada deputado mensualmente, catro viaxes fixas por desprazamento ás reunións de grupo parlamentario.

Os deputados sen dedicación exclusiva e sen cargos só terán dereito ás seguintes indemnizacións: axudas de custo e locomoción.

Polo que respecta aos gastos de quilometraxe, o número de quilómetros que correspondan a cada deputado e deputada computarase de acordo coa declaración que deberá presentar na Cámara na que se indicará o seu domicilio. O deputado ou deputada asinará o documento acreditativo no que solicita que se lle aboe o

correspondente gasto por kilometraje.

Para aqueles que non teñan ou non poidan utilizar vehículo propio, aboaránselles os gastos que lles xere o seu traslado, que en ningún caso poderán exceder dos que lles corresponderían pola utilización do vehículo propio e logo de xustificación documental.

#### **4.- SUBVENCIONES AOS GRUPOS PARLAMENTARIOS**

O artigo 27 apartado 1 do Regulamento do Parlamento de Galicia dispón que: “O parlamento poñerá á disposición dos grupos parlamentarios, locais e medios materiais suficientes e asignaralles, con cargo ao seu orzamento, unha subvención fixa idéntica para todos e outra variable en función do número de deputados de cada un deles. As contías fixaraas a Mesa da Cámara dentro dos límites da correspondente consignación orzamentaria.”.

Os importes quedan fixados nas seguintes contías:

##### **Grupo Parlamentario Mixto**

Subvención fixa:	2.393,23 €/mes
Subvención variable:	1.837,01 €/mes e deputado
Subvención finalista:	1.415,65 €/mes

##### **Resto dos grupo parlamentarios**

Subvención fixa:	9.971,79 €/mes
Subvención variable:	1.837,01 €/mes e deputado
Subvención finalista:	5.898,56 €/mes